



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 2 DE SETEMBRO DE 2010

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ

Alcalde-Presidente

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO

Segundo Tenente de Alcalde,

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO

Concelleiro

DNA. IRENE AGUIAR LALE

Concelleira

DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira

DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS

Concelleira

D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

Concelleiro

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

Concelleira

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

Concelleiro

DNA. CRISTINA GOLDAR SOTO

Concelleira

DNA. GISÉLE MAÏSSA RODRIGO

Concelleira

D. JOSÉ ANTONIO GARCÍA VILLAR

Concelleiro

DNA. LOURDES LOUREIRO MÉNDEZ,

Concelleira

D. JOSÉ VICENTE VICENTE

Concelleiro

GRUPO B.N.G.

DNA. RAQUEL LÓPEZ DOCE

Primeira Tenente de Alcalde

DNA. ISABEL RUIZ FERRO

Concelleira

D. XOÁN CARLOS CASTRO BLANCO
Concelleiro.

NON ADSCRITOS

D. JOSÉ MANUEL REBOREDO BAÑOS
Concelleiro non adscrito
D. JUAN ANTONIO TORRES ÁLVAREZ
Concelleiro non adscrito

NON ASISTIRON

D. JOSÉ ANTONIO MACEIRA BESTEIRO
Concelleiro do PP

SECRETARIA

DONA MARTA CAJIDE BARBEITO

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta minutos do día dous de setembro de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José A. Dono López, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a secretaria.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA.-

1º.-	DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, RELATIVO AOS DÍAS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2011.
------	--

B) PARTE DE CONTROL E XESTIÓN.-

2º.-	DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 787/2010, DE 20 DE AGOSTO, POLA QUE SE APROBA A LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2009.
3º.-	DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA CORRESPONDENTES AO MES DE XULLO DE 2010.
4º.-	ROGOS E PREGUNTAS.

A) PARTE RESOLUTORIA.-

1º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, RELATIVO AOS DÍAS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2011. A secretaria fai constar que consta

no expediente do Pleno, e dá lectura ao ditame adoptado pola Comisión Informativa de Organización o 26.08.10, que seguidamente se transcribe de xeito literal:

2º.- DÍAS FESTIVOS LOCAIS CORRESPONDENTES AO ANO 2011. *Por unanimidade, a Comisión Informativa, consonte á proposta elevada tamén unanimemente polo Consello Económico e Social na súa xuntanza do día 12 de agosto de 2010, ditaminou favorablemente ao tempo que propuxo ao Concello Pleno fixar os días 24 (venres) e 27 (luns) de xuño, como festivos locais correspondentes ao ano 2011.*

O Concello Pleno acorda por unanimidade fixar os días 24 (venres) e 27 (luns) de xuño, como festivos locais correspondentes ao ano 2011.

MOCIÓNS DE URXENCIA

Sr. López Campos do PP: *Boa tarde, en primeiro lugar, dende o Grupo do PP e tendo en conta as noticias que están acontecendo as últimas semanas sobre a situación actual da Facenda Pública Española e na repercusión que iso vai ter na Facenda Pública por parte do Ministerio de Fomento, consideramos que estamos ante un momento que nós consideramos que é transcendental e que debe poñer enriba da mesa compromisos sobre actuacións que levamos demandando e que cremos que para o PP son moi importantes e en definitiva para todo o Concello da Estrada e polo tanto para toda a Corporación Municipal, deben ser temas de prioridade absoluta e polo tanto deben facer que nos posicionemos de forma unánime, de xeito que esas infraestruturas tan demandadas e tan necesarias sexan unha realidade o antes posible. Nesa liña, sabemos que o mes de setembro é un mes especialmente importante á hora de confeccionar os Orzamentos nas distintas administracións. Sabemos da importancia que van ter os orzamentos tanto os do Estado como da Xunta de Galicia para o ano 2011, e que neste mes de setembro practicamente quedarán pechadas e polo tanto debemos anticiparnos e trasladar un acordo unánime por parte das forzas políticas para elevar a esas administracións o sentimento unánime que hai na cidadanía con respecto a eses proxectos e polo tanto entendemos que hoxe é o momento axeitado, posto que no seguinte Pleno xa chegariamos tarde, para adoptar un acordo, no que o Pleno da Corporación Municipal inste tanto á Xunta de Galicia como ao Goberno Central a materializar ou polo menos poñer os medios necesarios para que tanto a autovía como a variante como a autovía Pontevedra – Lugo, sexan unha realidade o antes posible, entón sometemos a votación a urxencia desta iniciativa, podendo despois debatela, tendo en conta a urxencia e necesidade de chegar a un acordo entre todos.*

Sr. Alcalde: *O Grupo de Goberno, estamos de acordo no fondo da cuestión, entendemos que son cousas importantes, dende logo nós non entraremos no tema da autovía Pontevedra – Lugo, consideramos que non é obxecto prioritario para o noso grupo político polo menos, e si a Variante da Estrada e si a Autovía a Santiago. Eu para votar a urxencia, gustaríanos coñecer cal sería a proposta de acordo que se quere facer, nós estamos de acordo con esa proposta, pero sempre e cando se faga referencia basicamente ás infraestruturas que nos interesan de xeito prioritario que son a Variante da Estrada e a Autovía Santiago - A Estrada, e un pouco consideramos tamén que debe haber unanimidade no acordo, pois consideramos que ten máis forza, máis credibilidade e se hai unha proposta de acordo no sentido destas dúas infraestruturas, nós consideramos que debemos esixir dende este Pleno é a licitación no ano 2011 desas dúas estruturas e polo tanto a consignación da cantidade suficiente e necesaria que os parlamentos e administracións consideren necesarias para estas infraestruturas para licitarse no ano 2011, nós estamos absolutamente de acordo coa moción.*

Sr. López Campos do PP: *Ben, nós pola nosa parte non temos problema ningún, e cando a traemos traémola co espírito de chegar a acordos, eu xa o dixen na miña moción pero o que temos que votar agora é a urxencia, e se consideramos que o de agora se é urxente ou non, debatémolo e despois chegaremos a un acordo sobre o texto resolutivo, que é o normal e o procedemento habitual que se segue nos plenos. Podemos tratar sobre a urxencia si ou non, eu creo hai infraestruturas, estanse desenvolvendo ou deseñando os Orzamentos Xerais do Estado e da Xunta de Galicia, todos coincidimos niso, é urxente tratalo, pois entramos no fondo da cuestión no debate e estamos dispostos a chegar a acordos para intentar sacar unha moción*

cunha proposición conxunta de todos os grupos, eu creo que este é o procedemento habitual do debate, polo tanto o que temos que xustificar é a urxencia ou non desta iniciativa.

Sr. Alcalde: *Eu creo que para tratar a urxencia, ten que haber unha iniciativa senón non sabemos cal é a iniciativa, entón eu creo que temos que plasmar unha moción de urxencia, que ten que ter un acordo; o que non podemos é votar a urxencia e non saber de que votamos a urxencia, entón se o PP ten algunha proposta de moción, que se faga a proposta e logo votaremos a urxencia ou non dependendo da proposta que expoña. Eu nestes casos sería conveniente que se presentase unha moción por escrito, aínda que sexa por escrito, aínda que fose aquí no Pleno para que os grupos puidesen ler o seu contido. Para votar a urxencia é fundamental saber o que imos tratar.*

Sr. López Campos do PP: *Para iso está a xustificación da urxencia.*

Sr. Alcalde: *Pero se é unha moción de urxencia, haberá que saber que moción de urxencia é, porque unha moción de urxencia descoñecida, parece que non ten sentido.*

Sr. López Campos do PP: *Non hai problema ningún, vemos a parte resolutiva e despois votamos a urxencia. A parte resolutiva é:*

1º O Concello da Estrada insta á Xunta de Galicia a impulsar a posta en servizo da Autovía AG-59 entre a Ramallosa e A Estrada, con continuación a Cerdedo – Forcarei de acordo cos seguintes prazos: Redacción do proxecto de trazado e construción A Ramallosa - A Estrada no cuarto trimestre do ano 2010, redacción do estudo informativo do estudo de impacto ambiental dende Cerdedo ata Forcarei no ano 2010, incorporar aos Orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2011 aplicación orzamentaria de dous millóns de euros, segundo previsión efectuada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas nos Orzamentos 2010 segundo estaba calendarizada o proxecto de investimentos, e a licitación das obras do treito A Ramallosa – A Estrada, no primeiro semestre do ano 2011.

2º O Concello da Estrada insta ao Ministerio de Fomento á inclusión da Autovía Pontevedra – Lugo no novo Plan de Infraestruturas do Estado, a licitación da adxudicación das obras da Variante da Estrada no ano 2010 e a incorporación nos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2011 de quince millóns de euros para garantir a execución das obras da Variante da Estrada.

Sr. Alcalde: *Agora xa temos unha idea do acordo co que evidentemente discrepamos profundamente e polo tanto non estamos de acordo con este plantexamento. A primeira exposición que fago é a Autovía nós non temos nada en contra desa autovía, pero consideramos que a autovía que estaba planificada, en principio parecíanos máis axeitada é Lalín – Silleda – A Estrada – Caldas, enlazando coa de Santiago – Pontevedra, polo tanto ese é un tema que nós retirariamos do acordo. A segunda cuestión que retirariamos do acordo é fixar cantidades concretas nos acordos e o que si incorporariamos é basicamente, dirixirnos á Xunta de Galicia para que tome as medidas oportunas, sen poñerlles cantidades; nós neste Pleno xa se tomou un acordo no seu día para que a Autovía Santiago - A Estrada estea rematada no 2013, ese acordo xa está tomado e o que cabe é remitirnos á Xunta para dicirlles que fagan o que teñen que facer para que poida licitarse no 2011 e o mesmo con respecto á Variante da Estrada. Dous acordos moito máis sinxelos, moitos máis nítidos e contundentes e nós aí creo que podíamos estar todos de acordo. Se non, fago outra proposta, que é que isto vaia a unha comisión e que alí se poida facer un acordo unánime, que pode facerse a comisión o mércores que vén, mandar o acordo a onde faga falta, dicir que imos envialo ao Pleno, envialo en outubro e facelo chegar a todos os sitios que teña que chegar. Creo que a moción sería moito máis clara, concisa e centrada nos intereses da Estrada e ademais non deixaría marxe á especulación, se o que pedimos é concreto e seguro. Fixar cantidades, a min dáme igual que nos orzamentos fixen cincocentos mil euros ou setenta millóns de euros, pero o que si é fundamental baixo o noso punto de vista é que a obra se licite e se poña en marcha, iso é o que consideramos que é o que nos interesa á Estrada, basicamente que a obra no 2011 se licite, e polo tanto creo que é unha proposta que estamos facendo e que podía ser un acordo aceptable por todo mundo e eu creo que ten a suficiente contundencia e claridade para que os grupos*

parlamentarios e os gobernos das dúas administracións teñan claro o que queremos aquí na Estrada, e eu creo que podiamos en torno a esa idea básica facer modificacións e chegar a un acordo por unanimidade.

Sr. López Campos do PP: *Como dixen ao principio e sigo dicindo, a proposta de acordo unánime está sobre a mesa e nós que somos os promotores desta moción así o fixemos saber dende o principio, pero hai temas que ao mellor non se lles dá a importancia que teñen. É certo que o Sr. Alcalde pode falar que está máis de acordo cunha autovía por Lalín, Silleda, A Estrada e Caldas, unha autovía que nunca existiu nin existirá, pois eu tiveren acceso ao plan de infraestruturas do goberno anterior, do bipartito e nunca esa autovía existiu, iso foi unha visita institucional da naquel momento conselleira de política territorial, que veu falar de facer un vial, unha vía de altas prestacións, unha vía rápida con tramos, aproveitando as variantes de Silleda, A Estrada, Cuntis e Caldas, nunca ningún plan de infraestruturas, e así o podemos demostrar ademais, nunca existiu en ningún e á parte ese plan de infraestruturas, había infraestruturas principais e infraestruturas principais e secundarias, as principais eran autovías ou autoestradas e as secundarias eran vías de altas prestacións, como podían ser os corredores actuais, nin unhas nin outras figuran en ningún plan. Polo tanto nin existía nin ía existir nin estaba presupostadas nin orzamentadas nin previstas polo goberno anterior. O que si hai é a posibilidade de que o Ministerio faga unha autovía que aínda que non pase polo Concello da Estrada si pasa pola nosa comarca, e ademais sería o nexo de unión da futuro nexo de unión da autovía Santiago – A Estrada ata Forcarei e Cerdedo, e iso si nos daría un salto cualitativo importante para que A Estrada estivese comunicada por autovía ou por autoestrada coas sete grandes cidades de Galicia e coa meseta. Creo que esa sería unha autovía cunha pouca ambición para a súa posta en marcha, que para A Estrada nos facilitaría só o acceso ao norte da Comunidade Autónoma, unha autovía que vertebre norte-sur a provincia de Pontevedra e que pase pola Estrada e que comunique cunha grande autovía Pontevedra – Lugo, incluíríanos no mapa das infraestruturas e seríamos un núcleo de comunicación estratéxico que eu creo que nos achegaría grandes beneficios. Polo tanto, aínda que a 20 km da Estrada creo que é importante buscar ese compromiso por parte da Administración Central para que, non estamos falando poñendo prazos nin datas, senón para que se incorpore no plan de infraestruturas do Ministerio e dentro das posibilidades económicas, dada a situación actual, si estea dentro das previsións de futuro para que o Ministerio as poida acometer, non poñemos prazos nin acoutamos orzamentos para esa obra. No que respecta ao traslado do acordo, eu creo que o alcalde considera que é moito máis claro e contundente o acordo que vostede propón. Eu creo que debemos ser conscientes dunha vez de que temos que facer toda a forza e presión posible para que as cousas avancen; vimos como nos últimos anos xa non este goberno, senón que hai que asumir erros pasados no goberno anterior, A Estrada estivo carente de grandes infraestruturas e grandes obras no noso Concello e polo tanto creo que moitas veces, por esa laxitude á hora de pedir e demandar nas infraestruturas sempre se nos foi deixando no vagón de cola de todas as infraestruturas, a nivel autonómico e a nivel nacional, polo tanto creo que chegou o momento de facer os deberes e despois que se cumpran ou non dependerá da nosa xestión e dependerá de que teñamos que teñamos unha Corporación Municipal unida e un alcalde que realmente teña capacidade e forza para xestionar eses investimentos, e dende logo, creo que os anuncios sobre a variante da Estrada e os anuncios sobre a autovía a Santiago se incumpriron un tras outro dende hai moitos anos, creo que debemos mandar un aviso ás administracións, que na Estrada chegou o momento de empezar a pensar en investir, empezar a pensar de falar xa de euros e de investimentos e de cuantificar eses investimentos para o noso Concello. Podo discutir que se lle poña unha cifra ou non se lle poña ou que se lle consigne a cantidade orzamentaria suficiente, o que está claro é que a nivel administrativo a obra da Variante da Estrada está máis avanzada cá obra da autovía e polo tanto nós consideramos que se hai vontade, e como se dixo no seu momento, e non fomos nós, dixo o PSOE que había cartos suficientes para empezar as obras xa no ano 2009 os había e o Sr. Alcalde anunciou que as máquinas estarían traballando antes de finais de 2009, despois dixo que no primeiro trimestre do 2010, agora estamos chegando ao final do 2010 e as obras non empezan, eu creo conveniente que nos Orzamentos Xerais do Estado se estableza unha cantidade considerable para poder garantir o comezo destas obras no ano 2011, porque senón dende logo ao final pasará un ano máis e non seremos capaces de cumprir as nosas expectativas, e aí nós evidentemente estamos polo labor de transaccionar, eu falo de dous millóns de euros para o tramo A Ramallosa – A Estrada, porque nos propios Orzamentos do*

ano 2010 hai un compromiso plurianual de investimentos nesa obra, eran 300.000 € no ano 2010; 2.000.000 € no ano 2011; 6.000.000 no ano 2012; 57.000.000 € no ano 2013, ese era o compromiso plurianual de investimentos por parte da Administración Autonómica e así o reflectimos nese acordo que en principio ten o visto e prace da propia Xunta de Galicia. E no que respecta á propia Variante da Estrada, se se quixese actualmente licitar, poderíase licitar, polo tanto estamos falando dunha cuestión de vontade política e estamos falando de que é necesario que exista movemento e o movemento demóstrase andando e polo tanto unha obra que leva 15 anos parada, creo que é o momento de acoutala temporalmente e espacialmente para que sexa unha realidade o máis pronto posible. En tema de consignación orzamentaria, creo que outra vez que figuren outros 600.000 € nesa obra, sería retroceder moitos anos atrás unha vez máis e eu creo que a consignación debería ser o suficiente porque nese ano 2011 poderíase executar unha parte importante se se licita no ano 2010, polo tanto queremos que se manteñan eses prazos, e que o goberno, aínda que lle poñamos eses deberes para facer no 2010, aínda que licite no primeiro trimestre do 2011, sería conveniente por un lado ver o compromiso real das administracións e por outro saber se esa infraestrutura vai seguir adiante ou se se vai ver afectada polos grandes recortes no Ministerio de Fomento que recordamos que vai pasar de investir 6.500.000.000 € a investir 700.000.000 € nada máis, e vaille afectar á práctica totalidade das infraestruturas en España e polo tanto presupoñemos que se é á práctica totalidade afectará á Variante da Estrada e polo tanto creo que agora é o momento do compromiso e co ánimo de avanzar na negociación estamos dispostos a transaccionar e a chegar a un acordo para intentar satisfacer, nin que a posición do PSOE sexa a que predomine nin a do PP, que cheguemos un acordo que sexa bo para todos e sobre todo para o Concello da Estrada.

Sr. Alcalde: Nós esa posición témola bastante clara, paréceme que a nosa postura non ten porque molestarlle a ninguén, non metemos ningún concepto de debate político que non conduce a ningún lado, o único que estamos expoñendo é o que queremos, que se liciten as nosas obras. Polo tanto un acordo sinxelo, claro e contundente, o tema da autovía de Lugo, vostedes mesmo recoñece que non ten urxencia, pois non está falando que se inclúa nos orzamentos nada disto, nós se o acordo agora non é este, entendemos que debemos facer un debate onde se poderían perfilar determinadas cuestións, pero non é aquí nin agora o momento. O acordo que propoñemos de momento son as cuestións fundamentais que son dúas obras fundamentais, por ser infraestruturas que necesitamos con urxencia que son a Variante e a Autovía, que eu se eses son os prazos que ten a Xunta, que se cumran que é o único que queremos, dáme igual como o faga, o que si que pretendemos todos é que estas obras se liciten e eu teño o compromiso do Ministerio que se van licitar, e é o que lle pido e creo que é un acordo que non debería ser problema, que en definitiva é o que queremos. A moción de Lugo, que non é urxente como di, estamos dispostos a debatela, non temos ningún inconveniente, con calma, tranquilidade e trasladala ao Ministerio se así se acorda por parte da Corporación, pero pódese presentar para o estudo a Comisión e traer ao Pleno un acordo consensuado para esa infraestrutura. Non é para nós prioritario dende ese punto de vista, nin é a solución, é a solución para os de sempre, pero nós agora creo que o que temos que facer é entrar nos nosos próximos e máis inminentes intereses, e eu creo que o acordo que se propón é razoable, non molesta a ninguén e interesa a todos. Se consideran que podemos tomar ese acordo ben, senón iríamos a unha comisión para que estude ese tema.

Sr. Reboredo Baños: Creo que a moción que presenta o PP, está baseada na coherencia, creo que todos debemos loitar por mellorar as infraestruturas na nosa bisbarra, o tema de Lugo – Pontevedra é un tema que se podería darlle unha volta, debater como vostede di, pero o que nos parece a nós dende aquí, pero que o que se pretende é tomar un acordo que non moleste a ninguén, nós non temos que molestar a ninguén, temos que defender os nosos dereitos, porque o acordo que se tome aquí non ten que molestar a ninguén, senón para defender aos veciños da Estrada, primeiro punto a ter en conta. Segundo, posiblemente vostede terá máis información da que temos os grupos da oposición en canto á Variante, seguro, pero o que tamén temos claro no grupo da oposición é que non hai vontade de licitar ou executar esta Variante, vimos observando dende hai moito tempo as súas manifestacións, vostede dixo que antes de decembro de 2010 as máquinas ían estar traballando, e o 2010 vai alá practicamente e as máquinas non se ven por ningún lado, entón con toda seguridade, a pesar noso, non se vai executar a Variante polos recortes do Estado e licitarase para ir agora facendo unha expropiación, logo poñendo

uns tubo de entrada ás fincas, pero non se vai executar o proxecto, non hai recursos para todo e o problema é que hai que priorizar, entón nós dende o noso grupo, quen ten que manter ou pactar é o Alcalde, como grupo non adscrito somos nós, polo tanto somos grupo, ben, como concelleiros non adscritos, chámelle como queira, dá igual, non imos entrar nese tema. Vostede o que ten que facer é preocuparse menos de como está configurada a Corporación Municipal e xestionar recursos para A Estrada, que é o que non é capaz de facer, leva tres anos demostrando que non é capaz de xestionar recursos para A Estrada. Vostede gasta, gasta o que lle mandan así polo aire, entón quen ten que transaccionar ou estar de acordo co PP, pero a nosa postura sería intransixente en manter o punto número un que é instar á Xunta de Galicia en respectar os prazos que se prevén, e tamén o tema da Variante. No tema de Lugo – Pontevedra, ou Lalín - Silleda – Caldas, podemos debatelo nunha comisión para o futuro, pero tampouco estaría demais porque sería unha carta aos Reis Magos, porque xa o pediron moitos concellos e o Estado tampouco ten disposición para incluír esa infraestrutura nin outras semellantes, polo tanto o que o PP queira.

Sr. Alcalde: *Non imos volver reiterar os mesmos argumentos, que eu creo que xa son de sobra coñecidos, que xa se reiteraron así como vinte ou trinta veces. Iso precisamente o que sobra, dar por suposto que Fomento non vai executar a Variante, e dar por suposto que a Xunta vai executar a Autovía é entrar nun debate político absurdo, que non deamos nada por suposto, tomemos un acordo que non dá nada por suposto e que vale para todos e que nos pode servir, eu creo que servir. Teño información e o compromiso e o que teño de información máis ca vostedes é o compromiso. De todos os xeitos, creo que debo esixir e este Pleno debe esixir que iso se cumpra, o que si creo que sobra é o debate político sobre un tema de interese xeral, polo tanto, se queremos evitar o debate político sobre un tema de interese xeral o mellor é tomar un acordo que nos sirva e que poidamos todos asumir, sen ningún tema de debate, e eu creo que tratándose de cuestións desta envergadura, debemos non propiciar senón fuxir e non enturbar este tipo de obras cun debate que o único que fai é crear unha mala imaxe a respecto de se A Estrada está interesada ou non en que se faga unha infraestrutura, por iso eu reitero a fórmula de acordo en torno a esas coordenadas que realmente o que nos interesa é que se liciten, que se vai facer o ano que vén uns tubos, pois iso pode pasar, pero se está licitada e está en proceso, temos un camiño moi importante avanzado e a partir de aí será seguir facendo a presión política que se considere oportuna para que os prazos se axilicen. Xa empezar no debate dando por suposto que uns si van cumprir e outros non, nestas cuestións creo que non axuda, pero é unha decisión do PP. Nós consideramos que este tema debería acordarse con unanimidade, claridade e contundencia que se estime oportuna no acordo e nada máis.*

Sr. Reboredo Baños: *Sr. Alcalde, teno vostede branco e en botella. Ten a información e o compromiso, ¿cal é o problema para que aquí se tome o acordo de instar para que se licite o máis axiña posible?.*

Sr. Alcalde: *Ningún, pero cal é o problema para que se tome o acordo que eu expoño?.*

Sr. Reboredo Baños: *Non estamos supoñendo nada, estamos barallando o tema da Variante, estamos analizando datos reais, é dicir esta infraestrutura da Variante, dende hai tres anos para aquí, vense adjudicando, vaise licitar e non está licitada para o 2010. O debate de Orzamentos do Estado, onde o BNG fixo unha achega extraordinaria de un millón de euros, e está aí. Entón, falamos de suposicións, dicimos que se hai compromiso e información, vai quedar recollido nas actas, vostede xa dixo que se vai facer no 2011, non teñen porque molestarse en Fomento porque vostede lles mande un escrito nese sentido. Se se molestan entón é distinto.*

Sr. Alcalde: *Sr. Reboredo, eu creo que embarrar o campo non serve para nada, repítollo pois xa llo dixen e xa eu creo que o debate está suficientemente feito, as cousas están claras, nós facemos a proposta de acordo non sentido que repito unha vez máis, instar tanto á Xunta de Galicia pola Autovía como ao Goberno Central pola Variante da Estrada, a que doten coa contía suficiente e necesaria para que estas dúas infraestruturas poidan ser licitadas no ano 2011, e a partires de aí, abrírase outro período, que será a capacidade que teñamos de facer que cada ano se invistan en vez dous millóns tres ou en vez de tres millóns trescentos, pero creo que té outro problema e que é un acordo en que todos estamos de acordo, creo eu, e que*

podemos sacar aquí por unanimidade sen dar máis voltas, senón terá que ir a unha comisión e teremos que facer xa un estudo detallado das posturas de cada un e tratar de chegar a outro tipo de acordo. Creo que este é un acordo sinxelo e contundente que pode facernos un servizo importante e sobre todo que me parece importante, repito unha vez máis, evitar as polémicas sobre estas obras que son de interese xeral, polo tanto, se estamos nesa dinámica, votamos a urxencia e punto.

Sr. López Campos do PP: *A verdade é que o acordo só é acordo se se acepta o cen por cento do exposto polo PSOE e recórdolle quen tivo a iniciativa para presentar esta iniciativa foi o PP, polo tanto se hai vontade de consenso e negociación terá que haber unha vontade de negociación entre as dúas, tres ou catro partes que estamos representadas aquí, e eu entendo que por parte do PSOE e do BNG, cada vez máis non hai vontade de negociación, hai vontade de imposición, de facer e cando eles non teñen a iniciativa hai que facer tamén o que eles din. Polo tanto, hai unha diferenza na xestión, unha diferenza de estilo, o seu estilo é non molestar a ninguén, e así evidentemente non conseguirá nada para A Estrada, e hai outro estilo que é xestionar, pedir, traballar, chamar ás portas que sexa necesario e molestar a quen sexa necesario para que as cousas se fagan. Ese é un modelo distinto a como vostede está afeito a facer, pero é como finalmente se conseguen as cousas, e ademais hai outro problema, se todos estamos de acordo, vostede ten a información e fixo a xestión, cal é o problema para que a obra da Variante da Estrada non se licite este ano, se hai seis meses vostede dixo que se podía licitar, entón unha das diferenzas que temos no texto resolutivo é que nós entendemos que a obra da Variante da Estrada debería licitarse no ano 2010.*

Sr. Alcalde: *Sr. López, vaia rematando, estamos repetindo o que xa repetimos hai un momento. Creo que deberíamos centrarnos, se somos capaces ou non de alcanzar un acordo, porque estar a repetir os mesmos argumentos catorce veces, e veña acusacións, e non vai cambiar nada.*

Sr. López Campos do PP: *Que non vai cambiar nada, iso está claro, que non vai cambiar nada o debate, pero é enriquecedor, que saiba vostede cal é a posición do PP; o que está claro é que se a min vostede me dá unha resposta contundente de cal é o motivo para que esta obra non se licite este ano, aceptámolo. Se esa obra está como vostede dixo e anunciou, porque á parte cando un está moi espabilado para anunciar determinados temas, tamén ten que saber aguantar, e vostede dixo que estaba feito o estudo de trazado, o proxecto de impacto ambiental, o proxecto construtivo, esa obra está lista para adxudicar, para iniciar o proceso de licitación e adxudicar. Quédannos catro meses para rematar o ano, quédanos tempo suficiente para poder facer os trámites necesarios para adxudicar a obra e empezar os traballos, polo tanto creo que dentro dos prazos razoables, tamén poñemos un prazo extremadamente curto para o traballo que ten que facer a Consellería ou a Xunta de Galicia para o tema da Autovía, está aínda pendente de adxudicación o proxecto definitivo, despois aínda hai que redactar o proxecto definitivo e hai que licitar a obra e estamos dicindo que se licite no primeiro semestre do ano 2011, son prazos axustados, pero eu creo que se non poñemos o listón moi alto, e se non facemos unhas demandas realmente cuantificadas, ao final perdémonos no limbo dos xustos outra vez, volvemos pasar outro ano e volvemos a conseguir absolutamente nada e paréceme e teño por seguro que nin eu vou molestar a ninguén nin vostede tampouco, porque debe imperar a autonomía municipal e dende logo creo que todos sabemos que temos que defender nos concellos máis que o que nos teñan que dicir de arriba e polo tanto temos certa liberdade para tomar acordos no seo deste Pleno da Corporación Municipal e non deamos nada por suposto, non asumamos nada como feito, se estamos pelexando e hai que tomar vinte acordos coma este para que as administracións saiban que o Concello da Estrada e a Corporación Municipal está enriba dos proxectos e das obras e que cada mes que pasa nos acordamos que as obras seguen sen avanzar, que o saiban e que sexan conscientes de que son obras importantes e necesarias para o noso Concello. Polo tanto, teremos que poñer todo o empeño en conseguilo e ademais vostede fala do compromiso e eu entendín polo que vexo na prensa que o compromiso, a non ser que tivese outro anterior e vostede no Pleno anterior nos dixo que non fixera ningunha xestión non Ministerio para saber se a Variante da Estrada estaba afectada polos recortes de Fomento, a non ser que o fixesen este mes de agosto, o compromiso é anterior aos recortes anunciados polo Ministerio de Fomento, e polo tanto podemos entender que esa obra podería estar afectada e é normal que estea, entón eu creo que é conveniente e estaríamos dispostos a aprazar o debate sobre a Autovía Pontevedra – Lugo, paréceme perfecto, podemos incorporalo*

nun debate posterior, pero creo que debemos manter a licitación e adxudicación das obras da Variante da Estrada no ano 2010 e estaríamos dispostos a encontrar unha fórmula para se os 15.000.000 € da Variante como non hai unha consignación orzamentaria e isto é unha estimación do PP, tampouco queremos impoñer unha cifra determinada, trasladar o acordo á Xunta de Galicia como ao Ministerio que se consigne a partida orzamentario suficiente para garantir a execución das obras no ano 2011 e parecería razoable, pero en todo caso a licitación das obras no 2010 e a redacción do acordo da Autovía Santiago – A Estrada, deixariámola exactamente igual a como estaba redactada.

Sr. Alcalde: *Volvo repetir, trataba de chegar a un acordo razoable, vexo que non hai esa posibilidade e nós temos que manter a nosa proposta, posto que o que se trata de meter esta cuestión nun debate político absurdo, que é o que consideramos nós, e polo tanto isto terá que ser obxecto dun debate máis profundo, todo isto á parte de que o Goberno tome os acordos que considere oportunos na Xunta de Goberno con respecto a estas dúas infraestruturas, pero se o PP non está disposto a facer unha exposición sacada do contexto do debate político destas infraestruturas, eu o que lles propoño é que presenten a moción e que se debata a moción en comisión e que se trate aí de chegar a outro tipo de acordo. Aquí hoxe dende logo que non imos aceptar esa modificación, polo tanto imos votar en contra da moción de urxencia, considerando ademais que está suficientemente repetida a cuestións e reiterada, imos pasar á votación.*

Sometida a votación a urxencia da moción presentada polo Grupo Municipal do PP, resultan doce votos en contra (PSdeG – PSOE: Sres/as Dono López, Otero Espiño, Maceiras Vicente, Sanmartín Obelleiro, Aguiar Lale, Asorey Brea, Magariños Cobas, González Rodríguez e Louzao Vieites e BNG: Sras/es López Doce, Ruíz Ferro e Castro Blanco) e oito votos a favor (PP: Sres/as López Campos, García Villar, Maíssa Rodrigo, Goldar Soto e Loureiro Méndez, Vicente Vicente) e as dos non adscritos: Sres Reboredo Baños e Torres Álvarez polo que a urxencia é rexeitada por maioría.

Sr. López Campos do PP: *Temos outra moción de urxencia para debater, e esta que tamén é un tema de interese xeral e na que creo que todos deberíamos estar completamente de acordo, incluso máis o Goberno que os grupos da oposición, é polo anuncio feito público polo Ministerio en relación ás liquidacións negativas correspondentes ao exercicio 2008 que se terán que practicar aos concellos nos próximos catro anos, por recadación ou por ter percibido máis do que lles correspondía no capítulo de Participación de Tributos do Estado. Esta decisión do Goberno Central, porque no caso do Concello da Estrada estamos falando de máis de 540.000 € que temos que devolver, amén das reducións significativas no que é o capítulo de Participación de Tributos do Estado, que é o ingreso maior que teñen os orzamentos municipais todos os anos, polo que coido que se poden cuantificar que hai dous anos aproximadamente se estaban recibindo catro millóns e medio de euros e agora debemos estar en torno aos tres millóns douscentos e incluso posiblemente algo menos, o que supuxo unha perda de un millón trescentos mil euros ao ano no capítulo de Participación de Tributos do Estado e por riba reclamamos 540.000 € do exercicio 2008, despois virá a liquidación do 2009 e de anos sucesivos, polo tanto a situación e as arcas municipais xa non están para moitas alegrías, e por riba se nos chegan estas noticias é para preocuparse, de feito, esta iniciativa ou moción ten tamén unha xustificación na súa urxencia debido a que como dixen antes, estase traballando nos Orzamentos Xerais do Estado, e van recoller esas diminucións ou esas liquidacións negativas como ingresos a maiores do que son as contas xerais do Estado e polo tanto non podemos tomar o acordo no mes que vén cando os orzamentos estean practicamente pechados e polo tanto non teñamos capacidade de manobra para poder instar ao Goberno do Estado para que aprace ou lles dea posibilidades aos concellos para poder facer fronte ao pagamento, nun escenario económico tan complicado como o que estamos. Polo tanto, unha vez máis o horizonte dos Orzamentos do Estado márcanos determinados acordos que temos que tomar e a urxencia está máis ca xustificadas polo que acabamos de expresar.*

Sr. Alcalde: *Nesta cuestión nós somos coñecedores de que a FEMP está traballando nunha proposta de consenso para levar ao Ministerio e polo tanto seríamos partidarios de apoiar a proposta da FEMP, coincidimos en que é un problema para os concellos, debido á situación*

para uns máis que para outros, dependendo da situación económica de cada un, pero é un problema serio para os concellos nos orzamentos do ano que vén e consideramos tamén que este tipo de iniciativas ao xeito máis axeitado de facelas é a través da FEMP en este caso posto que é unha cuestión de nivel estatal, a FEMP fai unha proposta de acordo que eu teño aquí e que nós estaríamos a favor de expoñer este tipo de acordo.

Sra. López Doce do BNG: *Hai unha cuestión, que a emenda do PP que pretende someter a debate no día de hoxe e o que pretende, nós entendemos que aproveitarse dunha situación negativa para sacar rédito político, nós vemos que as cousas hai que facelas con máis seriedade. A vostedes pode darlles a risa e a min non ma dá. Sobre todo tendo en conta que este problema ten unha causa, e a causa non é outra máis que o sistema de financiamento autonómico que temos que lamentablemente no básico comparten os partidos maioritarios a nivel estatal que temos aquí, o PP e o PSOE. Na moción do PP non se entra a abordar ese problema senón a propoñer medidas conxunturais, e nós entendemos que o problema é de fondo, o modelo financiamento que xera problemas como estas, é basicamente o que se aprobou no ano 2001 cunha maioría absoluta do PP no goberno do Estado, ou o subscrito no ano 2009. Eu acabo de ver as propostas de resolución que presenta o Grupo Socialista, eu tamén podo dar conta das que presentamos nós, e o PP ten outras, e eu creo que a situación é importante e que necesita da adopción de medidas a medio prazo, pois adiar a devolución da parte que nos corresponda nos ingresos que tivemos teoricamente de máis na Participación dos Ingresos do Estado nesta anualidade 2010 non vai resolver os problemas económicos e o financiamento do Concello da Estrada para os exercicios 2011, 2012 e seguintes e polo tanto, coincidimos co exposto polo Alcalde de debatelos nunha comisión informativa e ver se somos capaces de chegar a unha resolución conxunta, dado que todos como membros da Corporación Municipal do Concello da Estrada estamos implicados e temos interese de que a situación económica do noso Concello sexa a mellor posible para continuar a prestar os servizos aos nosos veciños/as coa maior calidade e non teñamos que suprimir ningún nin cousas parecidas.*

Sr. Alcalde: *este é un tema que hoxe mesmo falei con alcaldes do PP e coincidimos todos en que o problema non é este senón que é a financiación local, e teremos reunións proximamente para estudar esta cuestión do financiamento local e coincido en que o tema de tratar só as devolucions é un tema de oportunismo político e o que si é o debate potente e importante é o do financiamento das entidades locais que eu creo que é o debate no que hai que enmarcar esta iniciativa e polo tanto creo que é un tema que debe levarse a comisión, deben coñecerse as propostas de todos antes a comisión co tempo suficiente para estudalas, e polo tanto é a nosa proposta.*

Sr. Reboredo Baños: *Brevemente, como vostede ten información que lle permitiu ver á súa compañeira de goberno eu fágolle unha proposta, que os grupos da oposición poidamos trasladar esa moción á comisión e que se dea lectura ás propostas de resolución cara a que se orienta a FEMP.*

Proposta de acordo:

1º Dirixirse a través da FEMP ao Ministerio de Política Territorial do Goberno de España para valorar estudar un adiamento ou fórmula semellante das devolucions municipais correspondentes á Participación dos Ingresos do Estado do ano 2008 tras o peche da liquidación.

2º Dirixirse a través da FEMP ao Ministerio de Política Territorial do Goberno de España para adoptar aquelas medidas que garantan o mantemento do PIE no ano 2011 nunha cantidade non inferior á do ano 2010.

3º Respalda a proposta feita pola FEGAMP ao Goberno da Xunta de Galicia, para incrementar nun 12% os fondos incondicionados do Fondo Galego de Cooperación Local, segundo o acordo do Pacto Local.

Eses son basicamente os tres puntos, pero eu repito que estes puntos fan xa referencia a outra cuestión que ten que ver co financiamento local e eu creo que o tema é máis profundo aínda e

polo tanto o tema do financiamento das entidades locais merece un tratamento en comisión, e probablemente dúas ou máis. Se realmente o que se quere facer son exposicións nas que en privado coinciden todos os alcaldes de todos os partidos que unha cousa é o que habería que facer e outra cousa é facer política. Aínda hoxe me dicía o alcalde de Lalín que el estaba de acordo con estes puntos o que pasa é que non se podía facer público, e isto é así.

Sr. López Campos do PP: *Pois tome vostede exemplo do alcalde de Lalín no bo e non o tome no malo, que seguramente lle irá bastante mellor no que é a xestión e o investimento público no seu concello, porque o que si non ten vostede e o está demostrando día a día é autonomía local, fala de pacto local e autofinanciación pero vostede non ten autonomía, ten que agardar a que lle dean ordes da FEGAMP da FEMP, do partido, do Goberno do Estado, todo mundo para tomar as súas propias decisións, vostede é preso da estratexia política do PSOE e eu creo firmemente na autonomía local e na autonomía dos partidos e dende logo creo que todos temos que ter a nosa iniciativa. Coincido no tema de que as medidas que se propoñen poden ser cortopracistas pero o que si discuto e moito, e tenme que perdoar a Sra. López Doce é que primeiro lugar, equivócase vostede nós non presentamos unha emenda, presentamos unha moción, a emenda é a que vostedes presentan. Segundo tema, a nosa moción non lla presentamos, polo tanto é difícil saiba cal é a parte resolutiva da mesma, é bastante complicado polo que de momento é non creo que sexa capaz de ter artes divinatorias, pero polo menos a parte resolutiva da moción do PP vostede non a coñece polo tanto non a pode criticar, a non ser que teña o defecto profesional do BNG de criticar absolutamente todo aínda descoñecendo o que propoñen os demais grupos políticos, que é moi habitual dende logo no seu partido e ademais, como non sabe o texto que propoñemos, voulle dar lectura para que vostede se informe e cando critique o faga con coñecemento de causa e non critique por criticar como fai habitualmente. O texto resolutivo que digo ademais, e coincido como dicía o Sr. Alcalde que incluso se podía incorporar unha visión cara ao financiamento local e o Pacto Local que tamén creo que é moi importante, pero eu tamén falo cos alcaldes, e coinciden en que posiblemente non esteamos no mellor escenario económico para abordar o financiamento local, seguramente neste momento tal e como están os Orzamentos Xerais do Estado, da débeda pública e do déficit do Estado e cos recortes que temos que facer para poder cumprir os obxectivos da UE ese déficit do 3% consideramos, ou creo que todo o mundo coincide, posiblemente incluso vostede coincidirá en que non é o momento de abordar esa situación, pero é certo que é o momento de poñer os cernes para facelo, polo tanto nós estaríamos no labor de incorporar esa parte ao texto resolutivo, de instar ao Ministerio a abordar o financiamento local, e incluso como a vostede lle gusta ceder competencias resolutivas podemos ceder competencias á FEMP á FEGAMP a quen vostede considere oportuno, a nós quen nos represente, se vostede elude esa representación como Alcalde da Estrada e o pode facer no seu sitio calquera que vostede considere oportuno, pero a nosa parte resolutiva era:*

Dirixirse ao Ministerio de Política Territorial do Goberno de España para que deixe sen efecto a liquidación negativa correspondente á Participación dos Tributos do Estado no ano 2008, ou que no seu defecto se adíe o pagamento da cantidade a devolver ata que exista un crecemento económico dous puntos porcentual no prazo de dez anos.

Dirixirse, cando ademais sabemos que é bastante razoable porque a débeda pública o Estado estaa financiando con débeda soberana a 20 anos e polo tanto é certo que o Estado o único motivo que ten para axilizar o pagamento aos concellos é a rebaixa ao 3% do déficit público, e iso ten que computalo nos orzamentos do Estado e polo tanto ese é o único motivo que leva ao Goberno a apurar o pagamento ás facendas locais, cando eles teñen 20 anos para poder facer fronte a ese pagamento, porque é o que teñen financiado coa débeda soberana, polo tanto ten bastante sentido, xa non digo que se adíe a 20 anos, senón que se dea un prazo de 10 anos para que os concellos poidan superar mellor esta devolución.

Despois dirixirse ao Ministerio de Política Territorial para que o Goberno de España adopte unha medida tendente a garantir que os ingresos que perciben as entidades locais durante o ano 2011 en concepto de Participación de Ingresos do Estado, non sexan inferiores que as que veñen percibindo durante o ano 2010, tal como ten realizado a Xunta de Galicia co Fondo de Cooperación. Eu creo que en síntese as propostas que leu vostede son moi semellantes a estas que facemos nós, incorporando o traslado de que se debería abordar a reforma do Pacto Local

e dende logo mellorar a situación económica actual dos concellos, no que creo que coincidimos, e independentemente que poidamos tomar o acordo suscrito pola FEMP ou a FEGAMP e nos poidamos adherir a el, eu sigo crendo na autonomía local e que este acordo non debe ser ningún tipo de óbice ou problema para que posteriormente se poida tomar outro tipo de acordo que veña estipulado pola FEGAMP, pareceríame o razoable e paréceme que un posicionamento unánime da Corporación Municipal neste momento, no que se está creando certa alarma social pola situación dos Concellos e non é precisamente o PP por oportunismo político e non hai máis que ver, Sra. López Doce, non sei se vostede le a prensa, pero eu lin a prensa esta fin de semana lin as declaracións do Alcalde da Estrada, que saía cunhas declaracións realistas pero alarmantes sobre este tema, polo tanto non é o PP o que está creando este clima hostil de problema financeiro nos Concellos. Son todos os alcaldes que coinciden exactamente no mesmo, e polo tanto creo que debemos dar unha resposta á problemática social que se está creando e tranquilizar dende logo cun compromiso firme de todos os veciños de que os servizos, as administracións locais e os concellos van poñer todos os medios necesarios para que se siga mantendo a autonomía financeira e que os concellos poidan seguir saíndo adiante, creo que é bastante razoable e unha proposta bastante sensata incluso coa posibilidade de poder incorporar un punto ou dous puntos máis, estando de acordo no do financiamento local que é un aspecto bastante serio.

Sr. Reboredo Baños: *Dicir que se a moción de antes molestaba, esta xa queima. A outra non se aproba para que non moleste, e esta porque queima, os grupos de goberno decidiron hai tempo que non hai posibilidade de consensuar cos grupos da oposición e deixaron de consensuar, polo tanto soméao vostede a votación que xa sabemos cal é o resultado.*

Sr. Alcalde: *Voulle dicir unha cousa. Esta moción vaise debater máis do que a vostede lle gustaría, e senón xa mo dirá nos próximos días, no que si é certo é que se debaterá coa profundidade que necesita isto, pero vaise falar de máis cousas das que a vostede lle gustaría escoitar neste debate, xa llo adianto.*

Sometida a votación a urxencia da moción presentada polo Grupo Municipal do PP, resultan doce votos en contra (PSdeG – PSOE: Sres/as Dono López, Otero Espiño, Maceiras Vicente, Sanmartín Obelleiro, Aguiar Lale, Asorey Brea, Magariños Cobas, González Rodríguez e Louzao Vieites e BNG: Sras/es López Doce, Ruíz Ferro e Castro Blanco) e oito votos a favor (PP: Sres/as López Campos, García Villar, Maíssa Rodrigo, Goldar Soto e Loureiro Méndez, Vicente Vicente) e as dos non adscritos: Sres Reboredo Baños e Torres Álvarez polo que a urxencia é rexeitada por maioría.

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN.-

2º.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 787/2010, DE 20 DE AGOSTO, POLA QUE SE APROBA A LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2009. Pola concelleira de Facenda e Contas, dáse conta ao Concello Pleno da Resolución da Alcaldía nº 787/2010, que deseguido se transcribe literalmente:

“DECRETO NÚMERO 787 /2010

Refª Intervención

No uso das facultades que me confire o artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo), e a Base 37ª das Bases de Execución do orzamento, e visto o informe emitido pola Intervención Municipal de 20 de agosto de 2010, e axustada a súa obtención ó establecido pola normativa citada e polo RD 500/1990 **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Aprobar a Liquidación do orzamento municipal 2009, cuxo resultado orzamentario axustado é o seguinte:

1. Dereitos Recoñecidos Netos.	16.645.418,41.-
2. Obrigas Recoñecidas Netas.	17.583.143,56.-

3. Resultado Orzamentario (1-2).	- 937.725,15.-
4. Desviacións Positivas.	(1.167.793,96).-
5. Desviacións Negativas.	1.762.549,60.-
6. Gastos financiados con Remanente de Tesourería.	952.317,44.-
7. Resultado Orzamentario Axustado (3-4+5+6).	609.347,93.-

SEGUNDO: aprobar o Remanente de Tesourería determinado polas seguintes magnitudes:

A.1.- DEREITOS PENDENTES DE COBRAMENTO -----	2.511.661,46
1. De Orzamento de ingresos. Orzamento corrente -----	1.732.474,34
2. De Orzamento de ingresos. Orzamento pechado -----	840.950,58
3. De Operacións non orzamentarias-----	71.736,78
4. MENOS. Ingresos realizados ptes aplicación definitiva -----	(133.500,24)
A.2.- OBRIGAS PENDENTES DE PAGAMENTO-----	2.533.683,54
1. De Presuposto de Gastos. Presuposto Corrente -----	1.973.601,48
2. De Presuposto de Gastos. Presupostos Cerrados-----	66.001,11
3. De outras Operacións no Presupostarias-----	494.894,84
4. MENOS: Pagos pendentes de aplicación-----	(813,89)
A.3.- FONDOS LÍQUIDOS-----	2.621.429,28
1. En Caja -----	972,65
2. En Bancos, contas operativas -----	2.385.016,85
3. En Bancos, contas restrinxidas recad.-----	234.937,25
4. Contas restrinxidas de pagamento-----	502,53
A.4.- MENOS DEREITOS DE IMPOSIBLE OU DIFÍCIL RECADACIÓN.....	606.502,72
A.4.- REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL-----	1.992.904,48
A.5.- REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS CON FINANCIACIÓN AFECTADA-----	554.618,32
A.6.- REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS-----	1.438.286,16

TERCEIRO: Da presente Resolución e dos estados de liquidación darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre e remitirase copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma, de conformiade co establecido no artigo 193.4 e 5 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais. Así o manda e asina o Sr. Alcalde, na Estrada, a vinte de agosto de dous mil dez.”

O Concello Pleno toma coñecemento da resolución anteriormente transcrita e queda sabedor.

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DAS ALCALDÍA DITADAS NO MES DE XULLO DE 2010.. Polo Alcalde-Presidente dáse conta ao Concello Pleno das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre os números 583 e 722 correspondentes ao mes de xullo de 2010.

O Concello queda sabedor.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sr. Reboredo Baños: Na Xunta de Goberno Local do 9 de agosto de 2010, no punto de relacións de facturas aparecen dúas facturas datadas con 01.07.2010 a Aquagest Promoción Técnica y Financiera de Abastecimiento por 15.982 €, a que se debe isto?. Facturas do mesmo importe e mesma data que hai que saber a que responden.

Sr. Alcalde: Verémolo, pero agora mesmo non estou en condicións de responderlle a isto.

Sr. Reboredo Baños: Quero facer un rogo, pois xa sabemos que non é fácil que se nos acepten as mocións, aínda que despois teñamos razón, pero no caso das beirarrúas de Codeseda expuxeramos a posibilidade de examinar o expediente para comprobar o dominio dos terreos, que logo non se nos deu, pero o que si pedimos é que se cumpran os acordos, e aquí acordouse dar traslado aos grupos da oposición e a todos os concelleiros das actas por medios informáticos e seguimos igual, quedamos de facelo e non se fai, por tanto rógolles que executen os acordos.

Sra. Cristina Goldar, do PP: Temos unha pregunta, en contestación á pregunta que fixo a Sra. concelleira no Pleno pasado relativo a que se vai facer coa axuda de 6.581,36 € concedidos ao Concello da Estrada para os programas de educación familiar, respondeuse que basicamente as tarefas descritas se coordinación co xulgado, centro de saúde, centro escolar e departamento de menores da Consellería segundo as peticións que se trasladan dende este departamento. Entón nós rogamos que tamén se nos responda cantos expedientes foron admitidos polo xulgados, cantos polo centro de saúde, cantos polo centro escolar e cantos polo Departamento de Menores. Despois, hai outro rogo relativo á parroquia de Guimarei, non é no lugar de Campos, é na Cruz, onde hai unhas vías máis ou menos xusto en fronte do Campo da Festa, unha vía que foi dende sempre a vía principal e outra secundaria que é a que vai dar ao Campo da Festa, independentemente do inopinado do sinal de STOP, que se puxo no camiño principal en vez de na vía secundaria, e dado que a herba e a certa maleza que hai nos foxos que no se desbrozou, e agardando o famoso plan de desbroces, era por mor da seguridade vial, pois hai dificultade á hora de facer ese STOP para ver os vehículos que se aproximan pola esquerda, segundo se se vai cara Campos, se se pode desbrozar ou limpar esa zona próxima ao STOP dos foxos para que non entorpeza a visibilidade. Grazas.

Sr. López Campos do PP: Unha pregunta, nos últimos días son varios os veciños que nos trasladan a problemática que está a orixinar uns restos de tala de árbores, sobre todo de raíces que tivo lugar na Fonteboa, parroquia de S. Xurxo de Veá, que están depositadas na beirarrúa e na rúa pública e que entorpecen completamente o tránsito de vehículos, parece ser que o Concello xa é coñecedor desta problemática, e que se lle deu traslado das peticións dos veciños, so que se fixo caso omiso, e á parte de entorpecer o tráfico é un problema de seguridade vial, e a pregunta é se se fixo algo con esas queixas veciñais e se o Concello ten pensado dunha vez ou instar ao propietario a que retire eses restos de tala de árbores ou se o vai facer o Concello.

Outra pregunta tamén a colación dunha problemática xurdida dun debate que está hoxe en día na rúa é a tan coñecida problemática das posibilidades do aparcadoiro público e as dificultades que teñen os veciños para poder estacionar os seus vehículos e nestes días trasladánnos e vimos de coñecer tamén que a empresa que xestiona o supermercado Froiz na Estrada, tomou a decisión de pechar o aparcamento que está nas inmediacións do supermercado, a verdade era que era unha zona de aparcamento que daba un servizo importante, sobre todo tendo en conta que a situación das prazas de aparcamento na Estrada xa son problemáticas, para canto máis un aparcamento que ten unha capacidade considerable se peche e non se permita que os veciños, non só os usuarios dese supermercado poidan estacionar aí os seus vehículos, entón a pregunta que queremos facer é que xestión fixo o Alcalde para solucionar este problema.

Sr. Alcalde: Contestaremos por escrito.

Sr. López Campos do PP: Véxome na obriga de seguirlle preguntando, porque isto non é dicir a partida orzamentaria de nada. Teño que seguir preguntando e supoño que vostede terá a vontade de facilitarlle o traballo á oposición, e preguntolle cal é a situación actual deste aparcamento.

Sr. Alcalde: Si, o que pasa é que necesito algúns datos por escrito que agora mesmo non teño aquí. É evidente que é un aparcamento privado, que non ten ningún condicionamento na licenza para que ese aparcamento sexa público e polo tanto eles poden limitar o acceso a el e a única posibilidade que teríamos sería tomar unha medida coercitiva contra eles, pero que evidentemente non sería algo que queiramos facer, por iso non quero falar agora aquí de memoria dese tema. Non sería en todo caso algo que legalmente obrigase a iso facelo doutro xeito. A problemática veu porque empezaron a ter queixas dos clientes de que ían comprar e non tiñan aparcamento e iso foinos levando a ese tema, nós estudamos aquí ese tema e a respecto dese tema eran cuestións que se tiñan tratado faladas e verbalmente, polo que á hora de dispoñer medidas de presión, non terían ningún tipo de respaldo, é lamentable que iso sexa así, pero é o que hai, o aparcamento satúraselle e é algo que pode parecer incómodo, pero non hai moitos argumentos para rebater. É algo de boa vontade por parte da empresa máis ca outra cousa, e a situación foise complicando ata que chegamos a esta situación e dificilmente o Concello pode facer máis ca comentar o tema pero en plan amistoso, e vexo difícil que de momento, por iso digo que non quería pechar este tema, pero que non é fácil, que tipo de medida podíamos tomar para presionar ou tratar de buscar algún tipo de solución, pero dende o punto de vista da firmeza dun acordo deste Concello ou algo así poucas cousas se poden facer.

Sr. López Campos do PP: Eu voulle dar unha solución, xestione porque a vostede levan pagándolle os veciños da Estrada para que xestione e vostede non é capaz de facer nin esta xestión, xa non estamos falando que sexa capaz de facer nada.

Sr. Alcalde: Sr. López, faga preguntas, non estamos nun debate. As descualificacións xa as pode facer mañá na prensa. Imos agora tratar os temas que son de interese para todos.

Sr. López Campos do PP: Está vostede moi susceptible Sr. Alcalde, sentáronlle mal as vacacións, estou falando de que vostede non sabe xestionar, é un problema que está no seu cargo, polo que é criticable perfectamente, non é ningunha impertinencia nin ningún insulto como vostede pretende facer ver. O que está claro é que a vostede lle pagan por xestionar, e vostede non xestiona, pero por ser un defecto seu que non sabe xestionar, pero eu quérolle recordar que na mesma situación que está vostede hoxe estivo o Concello da Estrada en marzo do ano 2006, e quérolle recordar que a ACOE, naquel momento moi reivindicativa, hoxe parece que menos, pedíalle ao Alcalde que solucionase o problema nunhas barreiras que se estaban colocando no aparcamento do Froiz e que foi secundada polos grupos da oposición que agora están no goberno. E foi o alcalde da Estrada, aquel alcalde da Estrada co que agora vostede se relaciona tanto, pode chamalo para preguntarlle como fixo no ano 2006, que non está tan lonxe no tempo, pode preguntarlle vostede como un tema que saltou á opinión pública o 11 de marzo se solucionou o 15 de marzo, isto está recollido no Faro de Vigo, nos medios de comunicación, saltou a polémica sobre a vontade que tiña o propietario do supermercado de facelo privado para os usuarios do supermercado, e catro días despois ese problema está solucionado ata que chega un alcalde que non ten capacidade de xestionar e que o único que se lle ocorre é pensar en medidas coercitivas e eu creo que antes de chegar a medidas coercitivas que posiblemente sexan máis do seu estilo, pero non é o que necesitan os veciños da Estrada, o que ten que facer vostede é xestionar, moverse do despacho, saír á rúa, falar co propietario, se fai falta ir a Pontevedra ou a Poio falar co propietario e xestiónase e pídesse que a xestión desa superficie que eu creo que é importantísima para dar cobertura á necesidade de prazas de aparcamento, se permita seguir utilizando como está ata o de agora. Polo tanto eu fágolle un rogo e píddolle que xestione este problema e que o solucione no espazo máis breve de tempo posible. Tamén o outro rogo que nos fan chegar tamén varios veciños, e isto posiblemente vaia dirixido ao Sr. Espiño, é parece ser que en determinados contedores verdes, se botan determinados líquidos que non deberían ir e o camiión debe ter algún problema e vai deixando un rastro con bastante mal olor e polo tanto hai bastantes queixas veciñais sobre ese aspecto porque está causando un prexuízo importante aos veciños.

Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE: Ese problema débese a que a caixa do camiión está estragada, agora mesmo está en reparación.

Sr. López Campos do PP: Outro rogo que lle fago unha vez máis é que hai moitas queixas sobre o estado bastante deteriorado das rúas no casco urbano, bastante sucias e un déficit importante na limpeza dos contedores, que é certo que neste tempo é maior polo calor pero que ao mellor require un maior esforzo do Concello na limpeza, pois hai unha sensación desagradable para os viandantes e para os veciños que viven nesas rúas e polo tanto rogamus que se faga un esforzo especial para manter limpas as rúas e os contedores e o deterioro que están a sufrir moitas rúas do Concello, que tamén o fixemos no Pleno pasado e seguen sen arranxar o deterioro das baldosas soltas e dos problemas graves que se están producindo polo deterioro desas beirarrúas.

Non habendo máis intervencións levántase a sesión ás vinte e unha horas e cincuenta minutos.

A Estrada, 2 de setembro de 2010

A secretaria.

Asdo.: Marta Cajide Barbeito